

## **BASES DO PROGRAMA DIÚRNO DE BALNEARIOS DE CARÁCTER LÚDICO "COIDARTE" 2014**

No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei.

Así mesmo, dispón que os poderes públicos fomentarán, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por parte de entidades de iniciativa social, sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na citada lei.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Servizos Sociais e Promoción de Emprego, convoca unha nova edición do programa "Coidarte", atendendo ó alto nivel de satisfacción que amosan nas enquisas os participantes en edicións pasadas, onde o cualifican de altamente positivo.

### **CLÁUSULAS**

#### **Primeira. Obxecto**

Constitúe o obxecto destas bases, a regulación da convocatoria pública por parte da Deputación do programa "Coidarte", que ten por finalidade fomentar o envellecemento activo e mellorar a calidade de vida das persoas, establecendo novas relacións sociais e favorecendo a participación en actividades que favorezan o seu estado anímico, potenciando movementos de participación e cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias e a súa independencia, evitando o illamento e as situacións de soidade.

Ó programa poderán adherirse os concellos da provincia de Pontevedra co número de prazas que estimen oportunas.

## **Segunda. Adhesión dos concellos**

Todos os concellos da provincia de Pontevedra poderán sumarse ó programa mediante un acordo de adhesión adoptado polo órgano competente, remitindo unha certificación expedida polo secretario do mencionado acordo dentro dos 20 días naturais seguintes á publicación destas bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO). Nesa certificación deberá figurar o número de prazas a subvencionar e a existencia de crédito suficiente nas respectivas aplicacións dos orzamentos municipais para facer fronte ás obrigas do contrato, así como as semanas de preferencia para o desenvolvemento da actividade (débense sinalar catro semanas por orde de preferencia).

Se o último día do prazo coincidise en festivo este prorrogarase ata o seguinte día hábil. Unha vez transcorrido este prazo de 20 días sen enviar a adhesión, entenderase que o concello non desexa participar no programa, sen que o teña que facer constar por escrito.

Os concellos que se adhiran ó programa financiarán os seus respectivos beneficiarios, atendendo á cláusula décimo primeira. Actuarán como entidades colaboradoras na xestión do programa e deberán cumprir coas obrigas que se establezan nas bases reguladoras segundo o disposto na LXS.

As persoas interesadas en participar no programa de concellos non adheridos deberán entregar a solicitude no Rexistro xeral da Deputación ou na súa Sede de Vigo, participando unicamente coa subvención do organismo provincial.

## **Terceira. Beneficiarios**

Poderán ser beneficiarios do programa:

- a) Persoas nadas antes de 1964, feito que deberán acreditar co Documento Nacional de Identidade
- b) Persoas xubiladas e pensionistas que acheguen unha fotocopia do certificado da pensión
- c) Persoas que, sen cumprir os perfís anteriores, precisen dun respiro familiar, o que deberán acreditar mediante un informe do traballador social do concello

É requisito indispensable non padecer enfermidade ningunha ou patoloxía incompatible coa actividade do programa, así como ser totalmente autónomo.

#### **Cuarta. Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

- Para os participantes de concellos adheridos ó programa o lugar de presentación de solicitudes será o departamento de Servizos Sociais do propio concello.

Poderase consultar dita adhesión na páxina web da Deputación a partir da finalización do prazo de adhesións dos concellos.

- Para os participantes dos concellos non adheridos ó programa o lugar de presentación de solicitudes será o Rexistro xeral da Deputación:

- Sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado)
- Sede de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres)

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no artigo 80 do R. d. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

En caso de enviarse por correo postal (ó rexistro da Deputación) este deberá ser certificado, co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión está dentro do prazo de presentación de solicitudes da orde de convocatoria.

O prazo de inscrición será de 30 días naturais a partir do día seguinte ó da finalización da data de adhesión dos concellos publicada nestas bases.

No suposto de que as prazas ofertadas non queden cubertas esta institución reservarase o dereito a abrir un novo prazo de inscrición para os participantes, dando conta ós concellos adheridos do número de prazas sobrantes da primeira campaña para a recepción de novas solicitudes.

### **Quinta. Documentación dos participantes**

As solicitudes deberán formularse seguindo o modelo que se facilitará nos concellos adheridos, no Rexistro xeral da Deputación, no da súa Sede de Vigo ou na súa páxina web ([www.depo.es](http://www.depo.es))

Deberanse cubrir todos os apartados da solicitude, achegar o DNI e, segundo o caso, o certificado da pensión ou o informe do traballador social do seu concello.

### **Sexta. Documentación dos concellos adheridos**

Os concellos adheridos, finalizado o prazo de recepción de solicitudes, deberán remitir ó Servizo de Servizos Sociais:

1. Unha relación nominal (en formato Excel ou Access) dos solicitantes, con todos os campos da folla de solicitude, seguindo o rexistro de entrada. Este documento remitirase ó Servizo de Servizos Sociais da Deputación de Pontevedra por correo electrónico ([servizos.sociais@depo.es](mailto:servizos.sociais@depo.es)).
2. Os orixinais das solicitudes presentadas no concello coa documentación requirida

### **Sétima. Procedemento de selección**

A concesión destas subvencións realizarase polo réxime de concorrencia competitiva. Correspóndelle a instrución ó Servizo de Servizos Sociais e a adxudicación á Xunta de Goberno.

A institución provincial establece a convocatoria de prazas do programa diúrno de balnearios “Coidarte,” no marco de actividades para as persoas maiores, ofertando inicialmente un máximo de 3.000 prazas, que lles serán outorgadas ás persoas que reúnan os requisitos sinalados na cláusula terceira e presenten a documentación debidamente cuberta.

O procedemento de concesión levarase a cabo na seguinte orde:

- 1º Solicitantes xubilados e pensionistas, con prioridade para os de pensións con menor importe e para os de maior idade
- 2º Solicitantes a través de informe do traballador social, con prioridade para os de maior idade
- 3º Solicitantes non encadrados nos apartados anteriores, con prioridade para os de maior idade

No caso de que fose preciso teríase en conta a orde de presentación das solicitudes.

### **Oitava. Obrigas dos participantes**

Os participantes aboarán, o primeiro día do programa, a cantidade resultante do proceso de adxudicación para o balneario escollido, descontadas as subvencións do concello e da Deputación (se o seu concello está adherido) ou só a subvención da Deputación (se o seu concello non se adhire). Esta cantidade aboaráselles directamente ós responsables da empresa adxudicataria ou á persoa en que deleguen, que lles expedirá o correspondente xustificante de pagamento.

### **Novena. Condicións do programa**

Ofertarase un mínimo de catro establecementos (do tipo balneario, talaso ou spa) que teñan as súas instalacións na provincia de Pontevedra. Os participantes do programa poderán escoller, indistintamente, o que máis lles satisfaga de todos os ofertados. Para maior información sobre cuestións relativas ás súas características, poderán dirixirse á empresa adxudicataria.

A metodoloxía do programa consiste en pasar cinco tardes, de luns a venres, nun dos establecementos escollidos, facilitando o transporte desde os concellos ata o establecemento e viceversa.

O uso das instalacións do balneario, spa ou talaso será dunha media de dúas horas cada día e facilitaranse unhas chancletas e un gorro de auga para cada persoa.

As saídas realizaranse ó longo de todo o ano, exceptuando o mes de agosto, intentando respectar as opcións escollidas polos concellos adheridos. Será o organismo municipal o que determine as paradas (dúas como máximo) para a recollida de participantes no programa, que deberán dispoñer de espazos amplos onde os autobuses poidan entrar e manobrar.

Nos autocares irá un guía oficial responsable de lle entregar a cada persoa o bono viaxe, coa data e a hora de recollida para toda a semana; esta persoa informará das coberturas do seguro para o programa e resolverá todas as dúbidas ó respecto.

A Deputación de Pontevedra ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable da súa execución, coordinación e avaliación, e con persoal especializado.

Tamén disporá dun servizo de atención ó público ou vía telefónica, para calquera dúbida que puidese xurdir.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá ser comunicada ó Servizo de Servizos Sociais da institución provincial.

#### **Décimo primeira. Orzamento e financiamento**

A contía consignada para este programa ascende a cento cinco mil (105.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 14/232.230-227.07 do orzamento ordinario da Deputación, sen prexuízo de que este crédito se amplíe.

O programa será cofinanciado polo organismo provincial, os usuarios e os concellos adheridos:

- A Deputación achegará 35 euros por praza
- O concello adherido achegará 10 euros por praza
- O usuario aboará a cantidade resultante de descontar a subvención da Deputación e do seu concello (de estar este adherido) do prezo do balneario escollido

Os prezos de cada establecemento (spa, talaso ou balneario) expoñeranse ó público na páxina web da institución provincial ([www.depo.es](http://www.depo.es)) e daranse a coñecer a través dos medios de comunicación, unha vez rematado o proceso de contratación.

A Deputación establece a convocatoria do programa “Coidarte”, no marco de actividades para as persoas maiores, xubiladas e pensionistas ou con necesidade de respiro familiar, ofertando inicialmente un total de 3.000 prazas.

No suposto de que o número total de prazas ofertadas nesta convocatoria non queden cubertas, esta institución reservarase o dereito a abrir un novo prazo de inscrición.

#### **Décimo segunda. Publicidade**

En toda a publicidade que se elabore débese facer constar a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional de conformidade co artigo 31 do RLXS.

Para todo o relacionado co dita publicidade poden dirixirse ó seguinte enderezo de correo electrónico: [comunicacion@depo.es](mailto:comunicacion@depo.es).

#### **Décimo terceira. Prazo de vixencia**

As bases que regulan este programa terán vixencia ata 31 de marzo de 2015.

#### **Décimo cuarta. Lexislación aplicable**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Bases de execución do vixente orzamento provincial